

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA



CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN

**ANTEPROXECTO DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA
NOS VESTIARIOS DO CAMPO DE FÚTBOL A TELLA.**

FEBREIRO 2024

ÍNDICE.

1. ANTECEDENTES.....	- 2 -
2. OBXECTO.....	- 2 -
3. XUSTIFICACIÓN DA ELIXIBILIDADE	- 2 -
4. RESULTADOS GLOBAIS DAS ACTUACIÓNS.....	- 3 -
5. XUSTIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	- 4 -
6. CONCLUSIÓNS.....	- 4 -

1. ANTECEDENTES.

Con data 18 de xaneiro de 2024, publícase no DOG a Orde do 16 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia, susceptibles de ser cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, en diante Orde.

As actuacións descritas nesta memoria encádranse nos obxectivos estipulados nas bases reguladoras, xa que se trata de investimentos destinados a mellora da eficiencia enerxética das infraestruturas municipais do Concello de Nogueira de Ramuín, concretamente nos vestiarios do campo de fútbol A Tella, actuando no alumeadado interior, no sistema de queacemento e na envolvente térmica do edificio, engadindo así mesmo xeración eléctrica mediante enerxías renovables, o que contribúe a reducir o consumo enerxético, co que – ademais dun importante aforro económico para o concello – conséguese unha diminución no consumo de recursos naturais e, en consecuencia, menores consumo de enerxía primaria e menores emisións de CO₂ á atmosfera.

2. OBXECTO.

As actuacións descritas no anteproxecto de mellora da eficiencia enerxética nos vestiarios do campo de fútbol consisten en lograr un aforro enerxético e ambiental mediante a renovación de carpintarías exteriores e acristalamentos da envolvente, a renovación do alumeadado interior, a renovación dos sistemas de calefacción e a mellora da eficiencia enerxética mediante unha instalación solar fotovoltaica para autoconsumo. Neste senso, as actuacións proxectadas oriéntanse a satisfacer os obxectivos do programa e responden ás necesidades de investimento prioritarias para fomentar a eficiencia enerxética, en particular para acelerar a renovación eficiente desde o punto de vista enerxético dos edificios e infraestruturas públicos, así como a descarbonización e o impulso da eficiencia enerxética.

Segundo o disposto no artigo 6 da Orde, en relación coa documentación complementaria a presentar, redáctase o presente documento como parte da devandita documentación para xustificar os datos de mellora da eficiencia enerxética e para xustificar a elixibilidade e a súa valoración.

3. XUSTIFICACIÓN DA ELIXIBILIDADE

Segundo o disposto no Artigo 3 da Orde, en relación cos beneficiarios e requisitos das solicitudes, o Concello de Nogueira de Ramuín pode ser beneficiario xa que conta cunha poboación inferior a 30.000 habitantes. Por outra parte, dita entidade solicitante ten plena dispoñibilidade sobre o edificio dos vestiarios do campo de fútbol municipal de A Tella o que se van executar as actuacións proxectadas. Así mesmo, o orzamento elixible total do proxecto non é inferior a 60.000,00 € nin superior a 150.000,00 €.

Segundo o disposto no Artigo 2 da Orde, en relación cos proxectos subvencionables, as actuacións proxectadas encádranse nas seguintes tipoloxías admitidas:

- a) Obras de mellora da envolvente térmica dos edificios e infraestruturas municipais, entre outras, illamentos en cubertas e fachadas e/ou a instalación de carpintarías exteriores e acristalamentos con boas características térmicas.
- b) Obras de instalación de sistemas de iluminación eficiente no interior dos edificios e infraestruturas municipais; entre outros, a instalación de sistemas de control e regulación da iluminación artificial ou de control de intensidade e acendido.
- c) Obras de mellora dos sistemas de climatización e calefacción nos edificios e infraestruturas municipais, que poderán incluír a integración de fontes de enerxía renovable, sempre que se trate de proxectos integrais cuxo obxecto principal sexa a mellora da eficiencia enerxética.

Así mesmo, trátase de actuación non iniciadas e que de xeito indubidable responden á natureza da actividade subvencionada, planificadas dentro dos prazos fixados na convocatoria e que reúnen os requisitos establecidos nela, entre outros cumpren o seguinte:

- a) O recinto dos vestiarios do campo de fútbol municipal de A Tella ten a consideración de edificio ou infraestrutura destinado á prestación de servizos municipais xa que está relacionado co exercicio de competencias referidas no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ou coa prestación dos servizos incluídos no artigo 26 da mesma lei
- b) Garante o cumprimento dos obxectivos do programa xa que se prevé obter unha redución mínima inicial do 20 % no consumo anual de enerxía primaria non renovable e nas emisións de gases de efecto invernadoiro
- c) O proxecto é completo e de fase única, susceptible da súa posta en servizo inmediata para o cumprimento da finalidade a que están destinados como consecuencia directa da execución do proxecto subvencionado

4. RESULTADOS GLOBAIS DAS ACTUACIÓNS

Os resultados obtidos no Anexo II dos certificados de eficiencia enerxética da edificación existente e proxectada resúmense na seguinte táboa.

Indicador	Valor inicial	Valor proxectado	% redución
Redución do consumo anual de enerxía primaria non renovable (MWh/m ² /ano)	395,2	0,0	100,0%
Redución das emisións de gases de efecto invernadoiro (t CO ₂ /m ² /ano)	100,6	0,0	100,0%

En relación aos indicadores de realización e resultado descritos na convocatoria, establécense os seguintes valores:

- Indicador de realización RCO19. Edificios públicos con rendemento enerxético mellorado (m²): 190,5 m²

- Indicador de resultado RCR26. Consumo anual primario de enerxía (MWh/ano): 0 MWh/ano
- Indicador de resultado RCR29. Emisións de gases de efecto invernadoiro estimadas (t CO₂/ano): 0 t CO₂/ano

5. XUSTIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Para os efectos da valoración do presente documento, considérase un proxecto integral pois combina as tres tipoloxías de actuacións relacionadas no Artigo 2 da Orde:

- a) Obras de mellora da envolvente térmica
- b) Obras de instalación de sistemas de iluminación eficiente
- c) Obras de mellora dos sistemas de climatización e calefacción

A tenor do establecido anteriormente, segundo os baremos de puntuación establecidos no punto 1 do Artigo 11 da Orde, o proxecto obtería 25 puntos.

Segundo os baremos de puntuación establecidos no punto 2 do Artigo 11 da Orde, o proxecto obtería 10 puntos por tratarse dun proxecto integral que abrangue as tres tipoloxías de actuación.

Engadido as anteriores, proxéctase tamén a integración da enerxía solar fotovoltaica para contribuír ao obxectivo principal da mellora da eficiencia enerxética e a implantación de sistemas de contabilización, xestión e medición do consumo enerxético, polo que atendendo aos baremos de puntuación establecidos no punto 3 do Artigo 11 da Orde, o proxecto acadaría 10 puntos.

A tenor dos resultados acadados polo proxecto e detallados no apartado 4 do presente documento, e de acordo co establecido nos puntos 4 e 5 do Artigo 11 da Orde, o proxecto obtería 50 puntos, pois acada unha redución das emisións de gases de efecto invernadoiro do 100 % e unha redución do consumo global de enerxía primaria non renovable do 100 %.

6. CONCLUSIÓNS.

As reformas propostas no edificio suporá a implantación de novas tecnoloxías no campo do aforro e xestión enerxética no alumeado interior e na calefacción, mellorando a calidade da iluminación das zonas e o confort térmico, reducindo o gasto enerxético en iluminación e calefacción.

Así mesmo, as reformas construtivas propostas na edificación suporán unha mellora nas condicións de habitabilidade a par que reducen a demanda térmica, reducindo o gasto enerxético en calefacción.

En resumo, estas melloras son necesarias para conseguir unha maior eficiencia enerxética e unha mellora da calidade luminosa e do confort térmico, logrando así mesmo un importante aforro económico para o concello, tanto na facturación de enerxía eléctrica e de combustibles gasosos coma no mantemento das instalacións.

Anotase tamén que as obras proporcionarán unha redución de Gases de Efecto Invernadoiro á atmosfera e unha redución do consumo de enerxía primaria en infraestruturas públicas, contribuíndo a transición a unha Economía Baixa en Carbono no ámbito das Entidades Locais.

En Nogueira de Ramuín, a 16 de febreiro de 2024.

O Enxeñeiro